

AS PERSOAS TRABALLADORAS MERECEEN UNHA SUBIDA SALARIAL

Máis de 45.000 persoas procedentes de todos os puntos do país participaron na mobilización convocada por UGT e CCOO en Madrid

Redacción.- Máis de 45.000 persoas procedentes de todos os puntos do país participaron este xoves na mobilización convocada por UGT e CCOO en Madrid para reclamar un aumento dos salarios que protexa o poder adquisitivo de traballadores e traballadoras.

Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Sordo, interviñeron nun acto final na Praza Maior onde confluiron as tres columnas de traballadores e traballadoras.

Na súa intervención, Pepe Álvarez subliñou que “esta concentración pretende conseguir que a patronal española sexa plenamente consciente de que o noso lema Salario ou conflito non é unha broma, ou hai salario ou haberá conflito e o tempo dános a razón. Alí onde houbo conflito conseguimos salario e asináronse decenas de convenios con aumentos que permiten aos traballadores e ás traballadoras manter o seu poder adquisitivo, en empresas con grandes beneficios e con menos beneficios”.

Álvarez manifestou que “a patronal estaba a bloquear os convenios colectivos porque quere, fundamentalmente, negarllas a subida dos salarios ás pequenas e medianas empresas, onde hai pouca representación sindical. Por iso, quixemos levar a cabo un punto de inflexión nun proceso de mobilizacións que leva meses en marcha e que vai continuar se a patronal non senta a negociar melloras laborais que nos permitan manter o poder adquisitivo”.

Os beneficios empresariais dan marxe para estas subidas

“A concentración deste xoves está dirixida a esixir que a riqueza que se está xerando no noso país repártase e non vaia só a mans duns poucos deixando a persoas no camiño”, engadiu, “esa é a nosa loita e é o noso compromiso. É de xustiza social que a clase traballadora participe dos beneficios que xera”.

Pepe Álvarez resaltou que a última reforma laboral, que xa está a dar os seus froitos, ou o acordo sobre as pensións, son avances patrimonio da loita sindical que debemos

defender dunha patronal e unha dereita no noso país, que só quere volver atrás e quitarnos dereitos.

“Por iso a concentración é tamén unha demostración de forza para o conxunto do país fronte aos poderes económicos que non dan a cara senón é para tentar quitar dereitos, para o Goberno que ten que ser consciente de que os traballadores e as traballadoras do noso país en peores condicións necesitan unha subida do SMI aos 1.100 euros, unha reivindicación do movemento sindical moi presente nesta praza, e tamén unha clara mensaxe contra a sinistralidade laboral, que require medidas sen demora”, finalizou.

“Estamos inmersos nun debate sobre uns Orzamentos Xerais do Estado socialmente comprometidos, pero que deben ser mellorados na tramitación parlamentaria porque necesitamos que as persoas que teñen menos poidan sobrevivir nunha situación como a que estamos a vivir e que poidan acceder a servizos públicos suficientes, así que deixemos de competir para baixar impostos porque é un discurso trampa: se non se recadan impostos non se poden manter a sanidade, a educación ou os servizos sociais”.

A reforma laboral está a dar froitos

Recalcou que os datos de paro publicados o xoves son “unha boa noticia que implica que a reforma laboral está a dar os seus froitos”, pero que esta noticia positiva ten tamén unha cara moi negativa, que son os case tres millóns de persoas que seguen sen traballo en España. “O Goberno debe investir para que



estas persoas poidan conseguir emprego e as Comunidades Autónomas deberían competir para mellorar uns Servizos Públicos de Emprego que hoxe se evidencian insuficientes e non poden dar resposta ás necesidades dos desempregados e desempregadas deste país”. Advertiu, ademais, de que o Goberno non pode permitir que se collan atallos para cubrir os postos de traballo, “a patronal debe ser consciente de que en España non falta man de obra, o que faltan son salarios e condicións de traballo dignas”.

A REFORMA LABORAL ESTÁ ACABANDO COA PRECARIIDADE NO EMPREGO


Redacción.- Os datos de paro e de afiliación á Seguridade Social do mes de outubro, publicados o xoves polo Servizo Público de Emprego (SEPE), reflicten un descenso do número de persoas desempregadas, confirmando o mellor dato deste mes en toda a serie histórica. Ademais, dita redución prodúcese nun mes onde habitualmente aumenta o paro, polo que a Reforma Laboral está a corrixir a alta volatilidade que caracteriza ao noso mercado laboral.

De feito, continúa a mellora na calidade do emprego, xa que os contratos indefinidos supuxeron un 35,24% do total de contratos asinados este mes. Así, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores afirma que, a pesar do incerto e difícil contexto internacional, a reforma laboral segue xerando un impacto positivo no seu obxectivo de acabar coa precariedade laboral que predomina no noso país, aínda que queda moito camiño por facer, particularmente nas Administracións Públicas.

A pesar da positiva evolución xeral do emprego, UGT alerta de que a calidade de vida das familias traballadoras segue deteriorándose mes a mes, como resultado das elevadas taxas de inflación rexistradas e os escasos incrementos salariais asinados. En consecuencia, os salarios acumulan unha importante desvalorización do seu poder adquisitivo, provocando que as persoas traballadoras sexan novamente as principais vítimas dunha crise que non orixinaron.

Esta situación sería moi distinta se a patronal accedese a negociar un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) que, ademais de promover unha repartición máis equilibrada e xusta da crise inflacionista, outorgase maior confianza tanto ás empresas como á clase traballadora. Con todo, o sindicato considera que a actitude irresponsable da patronal conduciu a unha situación de bloque e incerteza máxima, o que levou a UGT a iniciar un proceso de mobilizacións, que este xoves exemplificouse cunha gran manifestación en Madrid, co obxectivo de reclamar subidas salariais acordadas ao encajecemento da vida.

Ademais, UGT reclama a mellora no trámite parlamentario dunha Lei de Emprego insuficiente, que foi aprobada ás costas do diálogo social. Esta lei debe garantir unhas Políticas Activas de Emprego máis eficaces, que se axusten e adapten á realidade específica de cada persoa e logren unha rápida reinserción laboral para todas



elas, combatendo especialmente o drama das persoas paradas de longa duración.

Datos desemprego Galicia

Baixando á análise concreta dos datos, estes indican que, do mesmo xeito que sucedeu no resto do Estado, en Galicia tamén se rexistrou o mellor dato da serie histórica, sendo o primeiro mes (outubro) dende 1996 no que cae o paro con respecto ao mes anterior. Así, cae o desemprego en Galicia nun 0,3%, con respecto a setembro, e un 0,92% no resto do Estado. No ano sucedeu o mesmo, a contracción foi do 6,7% en Galicia e do 10,51% no Estado. En ambos casos o comportamento do desemprego é mellor no Estado que en Galicia.

Entre os máis mozos, menores de 25 anos, o desemprego, sen embargo, tivo un peor comportamento. Medrou no mes nun 8,61%. Sen embargo, no ano rexistrou un mellor comportamento que no conxunto de idades, cunha caída máis forte, do 12,93%.

Por sexos, o paro subiu entre os homes nun 0,73%, fronte á contracción das mulleres, nun 0,97%. No ano a contracción foi do 6,84% no caso das mulleres e do 6,51% no caso dos homes. Non obstante, en termos estruturais, as mulleres representan o 58,59% do total do desemprego en Galicia.

Mensualmente, o desemprego medrou tan só entre o colectivo denominado “sen emprego anterior”, nun 5,04%. Pola contra, rexistrouse unha diminución mensual do paro no resto dos sectores, do 0,81% nos servizos; 0,74% na construción; cae un 0,52% no sector primario; e un 0,21% na industria.

No ano a contracción é considerable en todos, rexístrase unha baixada do 8,35%

na construción; no primario, do 12,73%; do 5,68% nos servizos; do 12,28% na industria; e do 3,9% entre o colectivo de “sen emprego anterior”.

Territorialmente, a evolución no mes foi desigual. Caeu o paro na Coruña, 0,57%, e en Pontevedra, o 0,22%. Pola contra, aumentou o 0,2% en Lugo e o 0,19% en Ourense. Interanualmente, rexistrouse diminución do paro en todos os territorios. A caída máis contundente foi na Coruña, do 7,57%, e en Pontevedra, do 6,83%. En Lugo baixou o 5,54% e o 4,17% en Ourense.

Como xa se apuntaba en parágrafos precedentes, un mes máis, dende a aprobación da reforma laboral, dáse un excelente dato de contratación indefinida, do 35,24%, aínda que por debaixo do resto do Estado onde esta chega ao 45,8%. Realízanse menos contratos, 69.958, que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destaca a porcentaxe de contratación indefinida na construción, do 72,1%; do 63,87% no primario; do 34,6% nos servizos; e do 23,7% na industria.

En canto ás cifras de afiliación á Seguridade Social, en Galicia a media mensual é de 1.048.700, baixando nun 0,06%, mentres que no Estado aumenta nun 0,51%.

A taxa de cobertura por desemprego sitúase no 60,31%, con 80.063 persoas beneficiarias de prestacións. Non obstante, hai que salientar que, deste total, unha alta porcentaxe son subsidios, 39.164 corresponden coa renda activa de inserción e 4.589 son importes asistenciais. Tan só o 45,4% son prestacións de carácter contributivo. Isto evidencia as dificultades que están a atravesar moitas persoas pola baixa contía das prestacións que están a percibir nunha contorna de prezos desbocados.

O CONVENIO DE ELABORADOS DO MAR, PARALIZADO POLA CLÁUSULA DE REVISIÓN SALARIAL

UGT FICA insta á patronal a que garanta o mantemento do poder adquisitivo dos case 16.000 traballadores cos que conta o sector

Redacción.- UGT FICA, xunto con CCOO e CIG, levan dende o mes de xaneiro negociando o convenio de elaborados do mar que afecta a uns 16.000 traballadores en todo o Estado, o 80% dos cales atópanse na provincia de Pontevedra. De feito, as reunións con Conxemar estanse a facer alternativamente entre Madrid e Vigo.

A día de hoxe, despois da última xuntanza, o que está enriba da mesa é unha proposta por parte da patronal dun incremento do 8% para o 2022; do 5% para o 2023; e dun 4% para o 2024, é dicir, un 17% para os tres anos. Non obstante, o punto de conflito está na cláusula de revisión salarial que os sindicatos demandan para poder pechar o convenio e que así os

traballadores e traballadoras do sector vexan garantido o seu poder de compra ante as continuas fluctuacións dos prezos. Esta é unha demanda que, polo momento, a patronal négase a aceptar.

Todo isto, despois do esforzo realizado polos traballadores e traballadoras do sector durante a pandemia, cos seguintes beneficios para as empresas do sector.

O próximo luns, día 7, está prevista



unha reunión en Vigo, que pode ser decisiva para pechar un acordo ou, no caso contrario, habería que estudar un calendario de mobilizacións.

ENCONTRO DE MOZOS E MOZAS ORGANIZADO POR UGT FICA GALICIA

Redacción.- A Federación de Industria, Construción e Agro de UGT Galicia organizou en Santiago un Encontro de mozos e mozas no que se analizou o papel dos sindicalistas máis novos no sindicato, así como a necesaria participación dos afiliados novos nas estruturas da Organización.

No encontro, presentado pola secretaria de Administración de UGT FICA Galicia, Ángeles González, fíxose un repaso do movemento sindical en xeral e da estrutura de UGT FICA en particular, a cargo de Eduardo Lafuente e José Otero. O portavoz da organización xuvenil uxetista RUGE, Eduardo Magaldi, centrouse na aposta de futuro que significa a mocidade para o sin-

dicato.

Posteriormente, abordáronse distintas experiencias de participación de mozas e mozos no sindicato, coas intervencións de Marta Gil, membro do Equipo de Traballo de UGT FICA; do secretario xeral de UGT Ourense, Cristóbal Medeiros, e do secretario do Sector Automobilístico de UGT FICA Galicia, Marcos Castro. O debate foi moderado pola secretaria de Igual-



dade e Política Social de UGT FICA, Elena Martínez, quen tamén interveu no acto de clausura xunto ao secretario xeral de UGT FICA Galicia, Javier Carreiro.

POR UNHA CRTVG AO SERVIZO DO POBO

O Comité intercentros da CRTVG convoca unha manifestación este domingo ás 12.00 horas en Santiago

Redacción.- O Comité intercentros da CRTVG convoca unha manifestación para este domingo, día 6, que sairá ás 12.00 horas da Praza Roxa compostelana baixo o lema "Rescatémola!". Mobilización que conta co apoio de máis de 50 organizacións, entre as que se atopa UGT-Galicia.

Con esta mobilización faise un chamado para que a sociedade galega saia ao rescate dun servizo público de comunicación audiovisual que garanta o respecto á obxectividade, imparcialidade, neutralidade, pluralismo e veracidade; que recupere a perspectiva da realidade social, laboral e

económica do país nos seus contidos; que se recuperen as desconexións locais; que defenda a identidade de Galicia, a súa lingua e cultura; que garanta a presenza do galego nas plataformas dixitais; que fomente a igualdade; que preste atención á infancia; que dis-



poña de recursos suficientes e que actúe como motor do desenvolvemento da produción audiovisual. Tamén se demanda a designación do director xeral por maioría cualificada do Parlamento.

O AUMENTO DA INFLACIÓN ESTÁ SUMINDO ÁS FAMILIAS NA POBREZA

Redacción.- O Servizo de Estudos Confederado (SEC) de UGT publicou o informe: "A inflación cómese o orzamento dos fogares con menos renda", no que confeccionou unha lista con 25 bens e servizos que, ou ben resultan imprescindibles para o mantemento da vida, como poden ser aqueles relacionados coa alimentación ou os coidados, ou ben son ineludibles no orzamento dos fogares, como pode ser o pago de subministracións ou as comisións derivadas de operacións bancarias, constatando a subida alarmante dos seus prezos, o que está a afectar de maneira drástica ás familias deste país.

Tras continuas modificacións das previsións desde inicios do 2021, a inflación deixou de ser un fenómeno transitorio, produto da reactivación produtiva que seguiu á paralización que tivo lugar pola pandemia, agravada polo recorte de subministración de gas ruso tras a invasión de Ucraína. Neste sentido, UGT denuncia que, mes tras mes, a taxa de variación dos prezos de consumo foi acumulando incrementos ata alcanzar o 10,8% en xullo de 2022, o valor máis alto rexistrado desde 1983. A pesar de moderarse algo nos tres últimos meses, o indicador adiantado de outubro sitúase no 7,8%, un valor aínda moi elevado.

Nesta dinámica, a enerxía é o grupo que máis segue determinando a evolución do nivel de prezos. En conxunto, o subgrupo do IPC que engloba a "electricidade, gas e outros combustibles" rexistrou unha inflación media do 47,8% nos últimos doce meses (ata setembro, último dato definitivo). Pero aínda máis preocupante, pola necesidade ineludible do seu consumo e o seu peso sobre a cesta da compra, é o continuado e acelerado aumento que está a sufrir o prezo dos alimentos, dun 14,7% no último ano, a taxa máis alta desde xaneiro de 1994, cando comezou a serie estatística homoxénea. Así, os alimentos

continuaron incrementando o seu prezo a pesar de que, en termos xerais, comezan a rebaixarse as presións inflacionistas xerais.

UGT denuncia que algunhas das subidas máis significativas son a do aceite de xirasol, cunha subida do 65,9% no último ano, os ovos cun 23,6%, a pasta cun 29,6% e a carne de ave cun 18,1%. Con estes datos, no último ano, un fogar necesita pagar un 17,1% máis por esta mesma cesta de compra de produtos de primeira necesidade, moito máis que o aumento xeral do IPC. É dicir, se unha persoa que cobra 1.000 euros mensuais -o SMI- hai un ano dedicaba 264 euros no pago desta cesta da compra de produtos esenciais como alimentos, enerxía e servizos básicos, agora dedicará 308,8 euros, é dicir, 45,3 euros mensual.

Necesítanse actuacións urxentes para acabar coa pobreza e desigualdade

Isto non só afecta de forma significativa ás familias cos salarios máis baixos. Se atendemos aos últimos datos dispoñibles na Enquisa de Estrutura Salarial, o salario máis frecuente en España en 2020 foi de 18.480,2 euros ao ano, o que en catorce pagas supoñen 1.320 euros ao mes. Aplicando as taxas de aumento de prezos a este salario, obtense que debería dedicar 407,6 euros ao pago desta cesta desta compra básica, mentres antes gastaba 347,8 euros; agora hai un sobrecosto de case 60 euros ao mes.

Só nesos 25 produtos, que supoñen



pouco máis da cuarta parte (26,4%) do gasto que implica o total de bens e servizos que compoñen o IPC.

Por todo iso, UGT resalta que se está conformando un escenario insostible para moitos fogares, sobre todo, para aqueles que xa tiñan dificultades anteriormente para chegar a fin de mes. A crecente dificultade para acceder a unha cesta da compra de produtos esenciais pode acabar tendo graves consecuencias para a saúde das persoas traballadoras, á vez que agudiza a situación social de pobreza e desigualdade que xa sofre o noso país.

Para o sindicato, a conclusión está clara: co encarecemento do prezo da maioría de produtos e servizos de primeira necesidade, as familias cada vez teñen que destinar unha proporción maior dos seus gastos para sufragar os seus custos máis básicos, facendo que moitas delas atopen grandes dificultades para chegar a final de mes. Ante iso, UGT reclama o deseño de actuacións de carácter máis cirúrxico, que se dirixan onde atópanse verdaderamente as causas das tensións inflacionistas: os custos da enerxía e a súa repercusión, a distribución alimentaria e a actuación de empresas en mercados con pouca competencia, que lles posibilita manter as marxes empresariais e, ademais, trasladar todo custo á persoa consumidora.

UGT esixe diálogo social para abordar a política migratoria laboral

Redacción.- A modificación e ampliación do catálogo de ocupación de difícil cobertura realizouse coa frontal oposición da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores. Cabe lembrar que UGT xa mostrou o seu desacordo á modificación unilateral que realizou o goberno do regulamento de estranxeiría, a cal outorgou a potestade á Comisión delegada de Asuntos Económicos da aprobación deste catálogo, e onde se priman máis os intereses económicos e empresariais que os intereses das persoas traballadoras migrantes.

O sindicato, unha vez máis, considera

inaceptable que teñamos coñecemento da aprobación deste catálogo a través dos medios de comunicación. Por iso, UGT vai opoñerse frontalmente a calquera modificación do catálogo de ocupación de difícil cobertura que non veña despois dun debate e análise exhaustivo no marco do diálogo social.

Tanto o Servizo Público Estatal de Emprego como os Servizos de Emprego das Comunidades Autónomas, teñen a obriga de orientar, formar e facer chegar as ofertas de traballo ás persoas traballadoras que están no desemprego no noso país,

así como ás persoas traballadoras da Unión Europea, cumprindo coa lexislación europea. Desde a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, queremos recalcar que non tivemos ningún coñecemento de cales foron esas ofertas nin as necesidades para cubrir eses postos de traballo. Por todo iso, desde UGT esiximos ao Goberno e ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións que aborden a política migratoria laboral cos interlocutores sociais, analizando as necesidades de cada sector de forma obxectiva, e non atendendo a intereses económicos e empresariais.